



NOTA INFORMATIVA: REANUDACIÓN DE PRAZOS

Reanudación e apertura de prazos para o proceso de adxudicación de prazas para o curso 2020/2021 da Escola Infantil “ Os Pequerrechos”

Comunícase a todo os interesados/as que se procede a reanudación do prazo para formalizar a **reserva de praza** para o curso 2020/2021, durante a semana do 25 o 29 de maio ámbolos dous incluídos, para todos os nenos e nenas que están na actualidade matriculados na Escola Infantil “Os Pequerrechos”.

O modelo de solicitude para formalizar este trámite estará a disposición dos interesados/as na información da Escola Infantil da páxina web do concello (www.sancibrao.es).

A tramitación desta solicitude de reserva praza deberá realizarse preferentemente por vía telemática, a través da Sede Electrónica do Concello. <https://sancibrao.sedelectronica.es> iniciando un trámite con *Instancia Xeral* e engadindo como documentación adicional a solicitude de reserva de praza descargada e a documentación obrigatoria a presentar:

- . Certificado de empadramento da unidade familiar actualizado, expedido polo Concello correspondente (certificado de convivencia).
- . Copia Declaración do imposto da renda das persoas físicas (IRPF) de ambos proxenitores, correspondente ao ano 2018.
- . Certificados de empresa actualizados dos horarios laborais dos pais/titores.

Tamén poderán presentarse en soporte papel nas oficinas do Concello solicitando cita previa no teléfono 988381034 ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos nos artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Comunícase tamén que o prazo para a presentación de solicitudes de novo ingreso, curso 2020/2021, estará aberto do 1 ao 22 de xuño.

San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica

[Escriba aquí]





[Escriba aquí]

